

MIAREMIA GNUMI

publicación galega sobre os trastornos do espectro do autismo

 n° 14 - 2010

*UN FUTURO
PARA O AUTISMO*



UN FUTURO

AUTISMO GALICIA

PARA O AUTISMO

MAREMAGNUM
 AUTISMO GALICIA
Nº 14. Ano 2010
Número Ordinario
galego/castelán

Director

Cipriano Luís Jiménez Casas
ciprianoluis@menela.org

Consello de Redacción

Ana Martínez Díez
Enma Cuesta Fernández
Susana Rodríguez Blanco
Estrela Vázquez Allegue
Cipriano Luís Jiménez Casas

Corrección Lingüística

Secretaría Xeral de Política Lingüística e
Felicia Estévez Salazar

Ilustración portada

Reimundo Patiño

Edita

AUTISMO GALICIA
Rúa Home Santo de Bonaval, 74 baixo
15703 Santiago de Compostela
Tfno. 34 981 589365
Fax 34 981 589344
Móvil: 670 797656

E-mail: info@autismogalicia.org
www.autismogalicia.org

I.S.S.N. 1698-5966

Dep. Legal: 378-1997

Impresión

Difux, S.L.

Sumario

5

Editorial

UN FUTURO PARA O AUTISMO

9

GALICIA NO ANO EUROPEO DE LOITA CONTRA A POBREZA

Santiago González Avión

25

A EDUCACIÓN DE ADULTOS PARA AS PERSOAS CON TEA:
ANÁLISE EPISTEMOLÓXICA E ALGUNHAS PROPOSTAS PARA O SEU
DESENVOLVEMENTO

Domingo García Villamisar e Araceli del Pozo Armentía

41

RECOÑECEMENTO DAS EMOCIÓN EN PERSOAS CON TEA

Manuel Ojea Rúa

51

TRASTORNOS DO ESPECTRO DO AUTISMO:
TERAPIA GRUPAL E TEATRO DE TEXTO

Ermel Morales Ramón

59

OS DEREITOS DAS PERSOAS ADULTAS CON TEA E A CONVENCIÓN
DA ONU DE DEREITOS DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

Inés de Araoz Sánchez-Dopico

65

O FUTURO DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE ENVELLECIDAS

Cipriano Luís Jiménez Casas

75

CLAVES PARA A REFLEXIÓN SOBRE A ATENCIÓN A PERSOAS ADULTAS
CON TRASTORNOS DO ESPECTRO DO AUTISMO EN GALICIA

M^a Teresa Tiemblo Marsal e José Manuel Varela Rodríguez

93

O CASO BEGONIA

Manuel Rivas Barrós

99

REIMUNDO PATIÑO NOS SEUS ANOS INICIAIS

X. L. Méndez Ferrín

“O CASO BEGONIA”

Manuel Rivas Barrós¹

Escritor e Membro da Real Academia Galega

Eu non sei o que lle pasou ao Begonia.

Nin eu nin ninguén. E o que diga o contrario, ten ourizos na boca.

Eu non dixen que o dos compañeiros era un conto. Cando dixen iso? Tampouco que o meu sexa o evanxeo. Pero hai que medir as palabras. Porque é doado enlamar a alguén, botarlle mala sombra, e despois non hai marea que o lave.

Non serei santa Clara, mais falso non son. Pan por pan. Foi un golpe de mar o que escorou o Begonia. Outra cousa non puido ser, penso eu. O emba-

1. O autor (A Coruña 1957) é Licenciado en Ciencias da Información pola Universidade Complutense de Madrid. Membro da Real Academia Galega, ten o mester de escribir. Xornalista, poeta e narrador, colabora en diversos medios de prensa, radio e televisión. Dende moi novo, con quince anos, comezou a traballar na prensa como *meritorio* no *Ideal Gallego*.

Parte da súa obra xornalística está recollida en libros como *Galicia, bonsai atlántico* (1989); *No mellor país do mundo* (1991); *Toxos e Flores* (Xerais 1992); *El periodismo es un cuento* (1998); *Galicia. Galicia* (Xerais 1999); *Muller no baño* (Xerais 2003); *Unha espía no reino de Galicia* (Xerais 2004); *Os Grouchos* (Xerais 2008) e o máis recente *A corpo aberto* (*Unha ollada ‘indie’ dende o local universal*).

Como narrador, entre outras obras, publicou os libros de relatos *Todo ben* (Xerais 1985); *Un millón de vacas* (Xerais 1989), Premio da Crítica española, 1990; *Os comedores de patacas* (Xerais 1991) *¿Que me queres, amor?* (1995) Premio Torrente Ballester 1995 e Premio Nacional de Narrativa 1996; *Bala perdida* (1996). Entre as súas novelas, *En salvaxe compañía* (Xerais 2004), Premio da Crítica Galicia; *O lapis do carpinteiro* (Xerais 1998) Premio da Crítica Española, Premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Premio Arcebispo de Xoán de San Clemente e Premio 50 aniversario da sección belga de Amnistía Internacional (2001); *Ela, maldita alma* (1999); *A man dos paños* (Xerais 2000); *As chamadas perdidas* (Xerais 2002); *Contos de nadal* (Xerais 2003) *Os libros arden mal* (Xerais 2006) Premio da Crítica Galega e Española e Libro do Ano 2006 da Feira do Libro de Madrid.

te fixo correr a carga de peixe na bodega, de estribor a babor. E logo xa non houbo maneira de endereitalo. Non desaugaba. Atrancáranse as portas do rexistro. E as bombas de achicar que tampouco traballaban. Unha cousa rara, é certo. De súpeto, foi así, nada funcionaba no Begonia. E o barco non era malo. Ca. Ás veces pasa iso. O mellor viño vólvese vinagre. Mais a causa foi un golpe de mar. Eu sentín o golpe de mar. Sentino! Que me caían os dentes un a un, se non o sentín.

Eu sentín a trallada do golpe. Estouna oíndo. Trassssssh! Como unha tremenda zorregada do coiro do mar no lombo do Begonia. Que os outros non o oíron? Pois eu non a soñei.

Iso que contaron os compañeiros, iso de que non había mar ningún cando afundimos. Porque algo de mar habería, digo eu. Estabamos aló enriba, onde máis peta, onde máis zoa e zoupa, onde máis rabia. No Rockall, no norte de Irlanda, e no mes de decembro? Non vou medir o vento por arrobas, pero algo de mar habería, digo eu! Xa non falo de temporal, pero aquilo, carallo, non era unha piscina, non era un baño jacuzzi, non lle era un spa. E había montes de brétema. Iso non se me vai da cabeza. O intre en que subín á ponte, cando foi o da chamada da miña muller pola radio, botei o brazo pola fiestra da derrota e podíaase coller a néboa a peso como unha manta de la. Nunca tal a vira tan mesta. Semellaba que o Begonia ía cargado con fardelas de néboa e poalla. Iso que pintan de mar calma cando o barco se afundiou iso é moito pintar. Que por que o pintan así? E eu que sei. Parvos non son.

Non, mentireiros tampouco. Se cadra eles viron unha cousa e eu vin outra. Non sei. Se cadra metéuselles unha impresión. Si. Eu coído que iso foi o que pasou. Que se lles meteu unha impresión na cabeza, e non acordan o sucedido, non sentiron a trallada.

Eu non digo que mintan, non, e ademais eles son dez a dicir e eu estou só, pero, imos ver, iso que contan de que o Begonia toleou, de que virou e se remexeu como un ser con ánima, de que se puxo, como quen di, a cravar estacas pola súa conta, brincando cara a diante, de que se anoxou, de que se sacudiu para botarnos fóra, e de que á fin o barco se afundiou adrede, porque quixo afundirse, a min, pan por pan, a min non me cadra, a min non me entra na cabeza. É de película, non si?, como de debuxos animados. Pero

Unha mostra da súa poesía son as obras *Libro do Entroido* (1979); *Anisia e outras sombras* (1981), en colaboración con Xavier Seoane; *Baladas nas praias do Oeste* (1985); *Mohicania* (1987); *Ningun cisne* (1989), Premio Leliadoura; *Costa da morte, blues* (Xerais 1994). Reuniu a súa obra poética en *O pobo da noite* (Xerais 1996) e en *Do descoñecido ao descoñecido* (Obra poética 1980-2003). O seu último libro de poemas é *A desaparición da neve* (2009).

Director da revista *Luzes de Galicia*. Premio Xosé María Álvarez Blázquez ao Autor do Ano, 2006. A súa obra, escrita orixinalmente en lingua galega, esta traducida a quince linguas e publicada polas máis prestixiosas editoras literarias do mundo.

nós, os do Begonia, somos todos homes feitos e dereitos. Somos ou non somos? Non somos nenos para que nos coen un conto nin vellos para acreditar nun meigallo.

Ah, o do lume! Alguén pode crer iso que din do lume? Que todo comezou polo meu lume? Por favor, por favor! Pero de que lume falan? No Begonia ardeu o que se queimou. Nadiña. Unha frangulla de papel. Vaise un barco a pique por unha faísca, por unha muxica?

Eu ben sei como son. Coñézome. Se cadra baixei do ceo a couces. Okay. O que queiran. Agora, o que non me vai é murmurar, e menos aínda de quen xa despachou deste mundo. Mais eu ben que llo dixen. Eu ben que o avisei. Díxenlle que atendera ao seu. Era o patrón, ben o sei. Era unha boa persoa. Okay. Un corazón na man. Mais tiña esa teima de andar a todo. Eu mira que o avisei. Primeiro, achantei, mais logo díxenllo. Díxenllo ben clariño que non me roera a cabeza. Que me deixara en paz. E que lle deran polo máis chico. Cousas que se din. Para que as palabras termen dun. Nada máis.

Eu con el non tiña nada. Era un bo tipo, un alma de Deus. Como vou negalo? Era un profesional con calo. Que podo dicir? O mellor. Puña os cinco sentidos. Coñecía o mar como os dedos da man. Era moi bo, de acordo. Comigo foi sempre un señor. Confiou en min, cando viñan mal dadas. Foi a man que me deu de comer. Okay, Okay. Si, xa sei que non había quen me quixera no mar e que, de non ser por el, seguiría alí, na escaleira de Santa Lucía, a sacar brillo á varanda de ferro, contando barcos como un xubilado. Pero vou dicir unha cousa. Que non se me mal entenda. Mais se non o digo, rebento. Non estaba onde tiña que estar.

Repito. Non estaba na súa posición.

Estaba alí, ollándome. En vilo. Os ollos cravados nas miñas mans.

Cearamos ben a Noiteboa. A fartar. E delicias, eh!, nada de rancho. O cociñeiro portouse. O gordo suaba pingas de aceite de tanto guisar e enforar. Tratounos do melloriño. A chea esa non creo que lla dean aos ricos nun cruceiro transatlántico. Dende logo, eu nunca tal comera ese festín. Era o primeiro Nadal que pasaba no Begonia e xa os compañeiros comentaran que se ceaban mellor que nunha voda. Pero a min pareceume moito dicir. Mesmo pensei que era unha retranca que lle tiraban ao cociñeiro, Non acreditei até que o vin. E pensei o que xa pensara antes, ao pouco de embarcar. Que, por unha vez na vida, tiña sorte. Era un choio, o Begonia. Non había ratas nin cascudos. E iso para min xa era unha bicoca, vendo que o se ve polo mar adiante. Andei nun palangreiro onde te comían os bichos. O catre de Noé! Tiñas que ter conta de durmir coa boca pechada cun esparadrapo porque xa non e o primeiro ao que lle ían as cascudas limpar os dentes. Canto vulto fan cen mil cascudas, canta morea? Pois un compañeiro calculou que aló había cen mil cascudas en toda a obra do barco. Polo menos. E outra cousa. Ningún outro bicho, nin as ratas, é quen de comer cascudas. Só as cascudas e os cascudos

poden chegar a comer cascudas e cascudos. Por que Deus inventou cousas como as cascudas e os cascudos? Fai falta ter unha mente retorcida, dispensando. E estar desocupado.

Si, o Begonia era un barco limpo. Pintado. Sen ferruxe. E así era tamén a xente. Ouro de lei. O mellor do Gran Sol. Unha ducia que nin que a escolleran nun campionato mundial de lobos de mar. Largos de man, caedores, con arrestos. O que eles digan de min, tanto me ten. Eu non teño ningunha pega, ningunha conta pendente. O máis frouxo deles faría un bo capitán, que máis podo dicir? O que eles digan, vai á misa. Pero logo está o que non se di. E aí quería chegar eu. Ao que non se di. Porque, se dicimos algo hai que dicilo todo.

O patrón non tiña poalla na gorra. Non a tiña mollada, non. Quen me desmente iso? Ninguén. Porque era así. Non tiña nin pinga de auga. Non estaba no seu sitio. Estaba alí, aloulado, como se eu tivese dous alacrás en vez de mans. Cabe da escaleira da ponte, sen querer subir. Como se eu fixese malabares cos ourizos.

Rematara a cea. Íase descansar unhas horas esa noite. Non habería outro lance até as seis da mañá. Así que todo o mundo estaba de boas. O que pasa é que el andaba adoecido comigo. E iso foi porque oíu a conversa. Se andara ao seu en vez de querer arranxar o mundo pois non pasaría nada. Mais permaneceu alí, na ponte, coa antena posta, e oíu a discusión. A bruxa que pariu á miña muller! E podo dicilo porque hai confianza. Chama pola radio costeira para dicirme que rompeu o coche, sinistro total, un coche do trinque. E o seguro? Cambio! O seguro non cobre a desfeita, só o tiña para danos a terceiros. Cambio! Pois, cambio e corto e que o demo vos confunda a todos. A ti, muller, cabra tola, ao seguro, e a todos os cabróns que estades en terra. Cambio e corto! Non quero saber nada. A tomar polo cu. Pero que dis, ho? Acouga. Pregúntalle á túa muller se se atopa ben. Tivo un accidente, non a oíches? Claro que oín. Sinistro total! Todo canto aforramos, unha morea de chatarra. Xa home, xa. Pero se cadra ela tamén levou un golpe. E os nervios. Estará mal dos nervios. E ademais, non dicías que estaba preñada?

Mal? Dos nervios? Mal estou eu, cago nas isóbaras do Ceo! Sinistro total!

Quería que devolvese a chamada. Que fixese as paces. Que lle dese desculpas á muller. E me interesase polo que levaba dentro. Non se lle fala así a unha muller preñada.

Unha noite como esta, ho.

Pois para min, sabe o lle digo, patrón?, esta é unha merda de noite como outra noite calquera.

E xa non me quitou o ollo de enriba. Colleuno pola tremenda. Púxose moi papahostias. Como a se a felicidade no universo dependese, que carallo,

daquela maldita chamada e do que eu dixera ou deixara de dicir á miña muller. A que tanto rendivú, tanto miramento? Que me deixara en paz, iso lle dixen. Non é certo que o ameazara.

Se quere oír cariños, chame vostede. Chame á súa dona por satélite.

Si, iso si que llo dixen. Si, xa o sabía. Ben sabía que a muller do patrón morrera había pouco por un cancro. Tampouco foi tanta ofensa. Foi unha burrada. Non se caen as trabes do mundo por unha burrada máis.

El tomouno a mal. Notei que acusou o golpe. Mais eu non lle quería facer mal ningún. Eu só quería que non me agoniara. Eu só quería que apartara de min eses ollos de cristo.

Estabamos alí, sentados no comedor, que era de dúas mesas alongadas. Uns estaban a parolar e outros discutían que película poñer no vídeo. E el ficou parado, de pé, cabe da escaleira da ponte, enviso, atento ao que eu facía coas mans. Atento aos recortes. Eu non tiña nada pensado, non foi unha cousa feita adrede, non. Foron os dedos os que traballaron. Había unhas follas de xornal atrasado. Unhas páxinas de anuncios de vivendas, de casas en venda. Lémbrome porque eu mesmo lle botara unha ollada o día anterior. E había algún anuncio sinalado cun círculo. Algún parvo que soñara con casa e xardín. E eu, para matar o tempo, recortei anacos e púxenme a rebeliscar. Algo de maña teño. E saíume unha figuriña. E logo outra. Unha levoume a outra. E a segunda á terceira, ao neno Xesús, que era así, do tamaño do polgar, cabezón e gordiño. E fixen unhas tiriñas de papel a xeito de pallas e deiteino alí. Así saíu. Unha cousa automática. Un belén na escudela de zinc.

Prendín as pallas de papel cun chisqueiro. E iso foi o que ardeu. Todo o que se queimou no Begonia. El botouseme enriba. Como un touro. Se non o apartan, mátame, esgáname con esas mans que tiña que eran como cepos. E todo por nada. Foi un chiste, Okay, unha burrada. Pero por unha burrada máis ou menos non van caer as trabes todas do ceo, digo eu, co que teñen termado xa.

Que cando foi o golpe de mar, a zorregada? E eu que sei! Non sei de que golpe me falan. Eu, como todos. Okay? Oír, oír, eu non oín nada.

EL CASO BEGONIA

Manuel Rivas Barrós¹

Escritor y Miembro de la Real Academia Galega

Yo no se lo que le paso al Begonia.

Ni yo ni nadie. Y el que diga lo contrario, tiene erizos en la boca.

Yo no dije que lo de los compañeros era un cuento. ¿Cuándo dije eso? Tampoco que lo mío sea el evangelio. Pero hay que medir las palabras. Porque es fácil enlodar a alguien, echarle mala sombra, y después no hay marea que lo lave.

No seré Santa Clara, pero falso no soy. Pan por pan. Fue un golpe de mar lo que escoró al Begonia. Otra cosa no pudo ser, pienso yo. El embate hizo

1. El autor (A Coruña 1957) es Licenciado en Ciencias de la Información por la Universidad Complutense de Madrid. Miembro de la Real Academia Galega, tiene el “mester” de escribir, periodista, poeta y narrador, colabora en diversos medios de prensa, radio y televisión. Desde muy joven, con quince años, empezó a trabajar en la prensa como *meritorio en el Ideal Gallego*.

Parte de su obra periodística está recogida en libros como *Galicia, bonsai atlántico* (1989); *No mellor país do mundo* (1991); *Toxos e Flores* (Xerais 1992); *El periodismo es un cuento* (1998); *Galicia. Galicia* (Xerais 1999); *Muller no baño* (Xerais 2003); *Unha espía no reino de Galicia* (Xerais 2004); *Os Grouchos* (Xerais 2008) e o máis recente *A corpo aberto* (*Unha ollada ‘indie’ dende o local universal*).

Como narrador, entre otras obras, publico los libros de relatos *Todo ben* (Xerais 1985); *Un millón de vacas* (Xerais 1989), Premio de la Crítica española, 1990; *Os comedores de patacas* (Xerais 1991) *¿Que me queres, amor?* (1995) Premio Torrente Ballester 1995 y Premio Nacional de Narrativa 1996; *Bala perdida* (1996). Entre sus novelas, *En salvaxe compañía* (Xerais 2004), Premio de la Crítica Galicia; *O lapis do carpinteiro* (Xerais 1998) Premio de la Crítica Española, Premio de la Asociación de Escritores en Lingua Galega, Premio Arcebispo de Xoán de San Clemente y Premio 50 aniversario de la sección belga de Amnistía Internacional (2001); *Ela, maldita alma* (1999); *A man dos paños* (Xerais 2000); *As chamadas perdidas* (Xerais 2002); *Contos de nadal* (Xerais 2003) *Os libros arden mal* (Xerais 2006) Premio de la Crítica Galega y Española y Libro do Ano 2006 de la Feira del Libro de Madrid.

correr la carga de pescado en la bodega, de estribor a babor. Y luego ya no hubo manera de enderezarlo. No desaguaba. Se atrancaron las puertas del registro. Y las bombas de achicar que tampoco trabajaban. Una cosa rara, es cierto. De repente, fue así, nada funcionaba en el Begonia. Y el barco no era malo. Ca. A veces pasa eso. El mejor vino se vuelve vinagre. Pero la causa fue un golpe de mar. Yo sentí el golpe de mar. ¡Lo sentí! Que me caigan los dientes uno a uno, si no lo sentí.

Yo sentí el trallazo del golpe. Lo estoy oyendo. Trasssssh! Como una tremenda zorreada del cuero del mar en el costado del Begonia. ¿Que los otros no lo oyeron? Pues yo no lo soñé.

Eso que contaron los compañeros, eso de que no había mar ninguno cuando nos hundimos. Por que algo de mar habría, digo yo. Estábamos allá arriba, donde más golpea, donde más resuena y bate, donde más rabia. ¿En el Rockall, en el norte de Irlanda, y en el mes de diciembre? ¡No voy a medir el viento por arrobos, pero algo de mar habría, digo yo! Ya no hablo de temporal, pero aquello, carallo, no era una piscina, no era un baño jacuzzi, no era un spa. Y había montes de niebla. Eso no se me va de la cabeza. En el momento en que subí al puente, cuando fue lo de la llamada de mi mujer por la radio, eché el brazo por la ventana de la derrota y se podía coger la niebla a peso como una manta de lana. Nunca tal la viera tan espesa. Parecía que el Begonia iba cargado con sacos de niebla y poalla. Eso que pintan de mar calmada cuando el barco se hundió eso es mucho pintar. ¿Que por que lo pintan así? Y yo que se. Tontos no son.

No, mentirosos tampoco. Si acaso ellos vieron una cosa y yo vi otra. No se. Si acaso los cogió una impresión. Si. Yo pienso que eso fue lo que pasó. Que se les metió una impresión en la cabeza, y no recuerdan lo sucedido, no sintieron el trallazo.

Yo no digo que mientan, no, y además ellos son diez a decir y yo estoy solo, pero, vamos a ver, eso que cuentan de que el Begonia enloqueció, de que giró y se revolvió como un ser con ánima, de que se puso, como quien dice, a clavar estacas por su cuenta, saltando hacia delante, de que se asqueó, de que se sacudió para echarnos fuera, y de que al fin el barco se hundió adrede, por que quiso hundirse, a mi, pan por pan, a mi no me cuadra, a mi no me entra en la cabeza. ¿Es de película, no?, como de dibujos animados. Pero nos-

Una muestra de su poesía son las obras *Libro do Entroido* (1979); *Anisia e outras sombras* (1981), en colaboración con Xavier Seoane; *Baladas nas praias do Oeste* (1985); *Mohicania* (1987); *Ningun cisne* (1989), Premio Leliadoura; *Costa da morte, blues* (Xerais 1994). Reunio súa obra poética en *O pobo da noite* (Xerais 1996) y en *Do descoñecido ao descoñecido* (Obra poética 1980-2003). Su último libro de poemas es *A desaparición da neve* (2009).

Director de la revista *Luzes de Galicia*. Premio Xosé María Álvarez Blázquez al Autor do Ano, 2006. Su obra, escrita originalmente en gallego, esta traducida a quince lenguas y publicada por las más prestigiosas editoras literarias del mundo.

otros, los del Begonia, somos todos hombres hechos y derechos. ¿Somos o no somos? No somos niños para que nos cuenten unos cuentos ni viejos para acreditar en un meigallo.

¡Ah, lo del fuego! ¿Alguien puede creer eso que dicen del fuego? ¿Que todo empezó por lo de mi fuego? ¡Por favor, por favor! ¿Pero de que fuego me hablan? En el Begonia ardió lo que se quemó. Nadita. Una migaja de papel. Se va un barco a pique por una chispa, por una ceniza?

Yo se muy bien como soy. Me conozco. Si cuadra bajé del cielo a patadas. Okay. Lo que quieran. Ahora, lo que no me va es murmurar, y menos aun de quien ya desapareció de este mundo. Pero yo bien que se lo dije. Yo bien que lo avisé. Le dije que atendiera a lo suyo. Era el patrón, ya lo se. Era una buena persona. Okay. Un corazón en la mano. Pero tenía esa manía de andar a todo. Yo mira que lo avisé. Primero, me aguanté, pero luego se lo dije. Se lo dije muy claro que no me atormentase la cabeza. Que me dejara en paz. Y que le dieran por lo más chico. Cosas que se dicen. Para que las palabras aguanten de uno. Nada más.

Yo contra él no tenía nada. Era un buen tipo, un alma de Dios. ¿Como lo voy a negar? Era un profesional con calado. ¿Que puedo decir? El mejor. Ponía los cinco sentidos. Conocía el mar como los dedos de la mano. Era muy bueno, de acuerdo. Conmigo fue siempre un señor. Confió en mí, cuando venían mal dadas. Fue la mano que me dio de comer. Okay, Okay. Si, ya se que no había quien me quisiera en el mar y que, de non ser por él, seguiría allí, en la escalera de Santa Lucía, sacándole brillo a la baranda de hierro, contando barcos como un jubilado. Pero voy a decir una cosa. Que no se me entienda mal. Pero si no lo digo reviento. Non estaba donde tenía que estar.

Repito. Non estaba en su posición.

Estaba allí, mirándome. En vilo. Con los ojos clavados en mis manos.

Cenáramos bien en Nochebuena. A hartar. Y delicias, eh!, nada de rancho. El cocinero se porto. El gordo sudaba gotas de aceite de tanto guisar y hornear. Nos trato de lo mejor. Esa comilona no creo que se la den a los ricos ni en un crucero trasatlántico. Desde luego, yo nunca tal comiera ese festín. Era la primera Navidad que pasaba en el Begonia y ya los compañeros comentaran que se cenaba mejor que en una boda. Pero a mi me pareció mucho decir. Incluso pensé que era una retranca que le tiraban al cocinero, No lo creí hasta que lo vi. Y pensé lo que ya pensara antes, a poco de embarcar. Que, por una vez en la vida, tenia suerte. Era un choio, el Begonia. No había ratas ni cascudas. Y eso para mi ya era una bicoca, viendo lo que se ve por el mar adelante.

Anduve en un palangrero en donde te comían los bichos. ¡El catre de Noé! Tenias que tener en cuenta de dormir con la boca cerrada con un espa-

radrapo porque ya no eras el primero al que le iban las cascudas a limpiar los dientes. ¿Cuanto bulto hacen cien mil cascudas, cuanta mole? Pues un compañero calculó que allí había cien mil cascudas en toda la obra del barco. Por lo menos. Y otra cosa. Ningún otro bicho, ni las ratas, es quien de comer cascudas. Sólo las cascudas y los cascudos pueden llegar a comer cascudas y cascudos. ¿Por que Dios invento cosas como las cascudas y los cascudos? Hace falta tener una mente retorcida, dispensando. Y estar desocupado.

Si, el Begonia era un barco limpio. Pintado. Sin oxido. Y así era también la gente. Oro de leí. El mejor del Gran Sol. Una docena que ni que la escogiesen en un campeonato mundial de lobos de mar. Largos de manos, valientes, con arrestos. Lo que ellos digan de mi, tanto me da. Yo no tengo ninguna pega, ninguna cuenta pendiente. ¿El más flojo de ellos haría un buen capitán, que más puedo decir? Lo que ellos digan, va a misa. Pero luego está lo que non se dice. Y ahí quería llegar yo. A lo que non se dice. Por que, si decimos algo hay que decirlo todo.

El patrón no tenía humedad en la gorra. No, no la tenía mojada ¿Quién me desmiente eso? Nadie. Porque era así. No tenía ni gota de agua. No estaba en su sitio. Estaba allí, alélado, como si yo tuviese dos alacranes en vez de manos. Al lado de la escalera del puente, sin querer subir. Como si yo hiciese malabares con los erizos.

Acabara la cena. Íbamos a descansar unas horas esa noche. No habría otro lance hasta las seis de la mañana. Así que todo el mundo estaba de buenas. Lo que pasa es que el andaba molesto conmigo. Y eso fue por que escucho la conversación. Si anduviese a lo suyo en vez de querer arreglar el mundo pues no pasaría nada. Pero permaneció allí, en el puente, con la antena puesta, y escucho la discusión. ¡La bruja que la parió á mi mujer! Y puedo decirlo por que hay confianza. Llama por la radio costera para decirme que accidento el coche, siniestro total, un coche del trinque. ¿Y el seguro? ¡Cambio! El seguro no cubre el desastre, solo lo tenía para daños a terceros. ¡Cambio! Pues y cambio y corto y que el diablo os confunda a todos. A ti, mujer, cabra loca, al seguro, y a todos los cabrones que estáis en tierra. ¡Cambio y corto! No quiero saber nada. A tomar por el culo. ¿Pero que dices, ho? Tranquilízate. Pregúntale á tú mujer si se encuentra bien. ¿Tuvo un accidente, no la oíste? Claro que oí ¡Siniestro total! Todo cuanto ahorramos, un montón de chatarra. Ya hombre, ya. Pero seguramente ella también llevó un golpe. Y los nervios. Estará mal de los nervios. ¿Y además, no decías que estaba preñada?

¿Mal? ¿De los nervios? ¡Mal estoy yo, me cago en las isóbaras del Cielo! ¡Siniestro total!

Quería que devolviese la llamada. Que hiciese las paces. Que le diese disculpas á mi mujer. Y me interesase por lo que llevaba dentro. No se le habla así a una mujer preñada.

Una noche como esta, ho.

¿Pues para mi, sabe lo que le digo, patrón?, esta es una mierda de noche como otra noche cualquiera.

Y ya no me quito ojo de encima. Lo tomo por la tremenda. Se puso muy papa ostias. Como si la felicidad en el universo dependiese, que carallo, de aquella maldita llamada y de que yo dijera o dejara de decir á mi mujer. ¿A que tanto rendibú, tanto miramiento? Que me dejara en paz, eso le dije. No es cierto que lo amenazara.

Si quiere oír cariños, llame usted. Llame a su mujer por satélite.

Si, eso si que se lo dije. Si, ya lo sabía. Bien sabía que la mujer del patrón había muerto hace poco de un cáncer. Tampoco fue tanta ofensa. Fue una burrada. No se caen las vigas del mundo por una burrada más.

El lo tomo a mal. Note que acuso el golpe. Pero yo no le quería hacer ningún mal. Yo sólo quería que non me agobiara. Yo sólo quería que apartara de mi eses ojos de cristo.

Estábamos allí, sentados en el comedor, que era de dos mesas alargadas. Unos estaban charlando y otros discutían que película poner en el video. Y el quedo parado, de pié, al lado de la escalera del puente, preocupado, atento a lo que yo hacía con las manos. Atento a los recortes. Yo no tenía nada pensado, no fue una cosa hecha a propósito, no. Fueron los dedos los que trabajaron. Había unas hojas de periódico atrasado. Unas páginas de anuncios de viviendas, de casas en venta. Lo recuerdo por que yo mismo le echara una ojeada el día anterior. Y había algún anuncio señalado con un círculo. Algún parvo que soñara con casa y jardín. Y yo, para matar el tiempo, recorte trozos y me puse a rebeliscar. Algo de maña tengo. Y me salio una figurita. Y luego otra. Una me llevo a otra. Y la segunda a la tercera, al niño Jesús, que era así, del tamaño del pulgar, cabezón y gordito. E hice unas tiritas de papel a modo de pajas y lo acosté allí. Así salio. Una cosa automática. Un belén en la escudilla de zinc.

Prendí las pajas de papel con un chisquero. Y eso fue lo que ardió. Todo lo que se quemó en el Begonia. El se me echo encima. Como un toro. Si no lo apartan, me mata, me ahoga con esas manos que tenia que eran como cepos. Y todo por nada. Fue un chiste, Okay, una burrada. Pero por una burrada más o menos non van a caer todas las vigas del cielo, digo yo, con lo que ya tienen aguantado ya.

¿Que cando fue el golpe de mar, la investida? ¡Y yo que se! No se de que golpe me hablan. Yo, como todos. Okay? Oír, oír, yo no oí nada.

MEMBROS DE AUTISMO GALICIA

APACA

Asociación de Pais de Autistas e Psicóticos
da Comarca de Arousa
✉ Rúa Moreira, nº 29
36613 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)
☎ 986 501 548
E-mail: a.apaca@wanadoo.es

APACAF

Asociación de Pais de Persoas con Trastorno
do Espectro Autista do Centro de Apoio
Familiar “A Braña”
✉ Rúa Pracer, nº 5-3º B
36202 Vigo (Pontevedra)
☎ 986 226 647
E-mail: info@apacaf.org
www.apacaf.org

APA MECOS

Asociación de Pais de Persoas con Autismo
“Os Mecos”
✉ Rúa Xistro nº 28 - Coiro
36947 Cangas do Morrazo (Pontevedra)
☎ 986 708 640
E-mail: apamecos@yahoo.es

A.S.P.A.N.A.E.S.

Asociación de Pais de Persoas con Trastorno
do Espectro Autista T.E.A. da Provincia
da Coruña
✉ Rúa Camiño da Igrexa, nº 40 - baixo
15009 A Coruña
☎ 981 130 044
☎ 981 130 787
E-mail: administracion@aspanaes.org
www.aspanaes.org

AUTISMO OURENSE

Asociación Autismo Ourense
✉ Rúa Alférez Provisional, nº 2 entrechán
32003 Ourense
☎/☎ 988 219 389
E-mail: info@autismoourense.org
www.autismoourense.org

AUTISMO VIGO

Asociación Autismo Vigo
✉ Rúa Camelias, nº 108, oficina 2
36201 Vigo (Pontevedra)
☎ 986 437 263
☎ 986 228 528
E-mail: autismovigo@gmail.com
www.autismovigo.org

APA CASTRO NAVÁS

Asociación de Pais do Centro “Castro Navás”
✉ Rúa Navás, nº 11-Priegue
36391 Nigrán (Pontevedra)
☎ 986 365 558
E-mail: apacastronavas@yahoo.es

FUNDACIÓN MENELA

✉ Avda. Marqués de Alcedo, nº 19
36203 Vigo (Pontevedra)
☎ 986 423 433/902 502 508
☎ 986 484 228
E-mail: fundacion@menela.org
www.menela.org

FUNDACIÓN AUTISMO CORUÑA

✉ Rúa Camiño da Igrexa, nº 40-baixo
15009 A Coruña
☎/☎ 981 130 553 Fax: 981 130 787
E-mail: autismocoruna@yahoo.es

APA MENELA

Asociación de Pais do Centro “Menela”
✉ Camiño da Veiguiña, nº 15 - Alcabre
36212 Vigo (Pontevedra)
☎ 986 240 703
E-mail: apamenela@terra.es

RAIOLAS - LUGO

Asociación de Pais de Persoas con Trastornos
Xeneralizados do Desenvolvemento
✉ Rúa Lamas de Prado, 75 - baixo
27003 Lugo
☎ 982 214 504
E-mail: raiolas-lugo@mundo-r.com

Subvencionan



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



**SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE**



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Secretaría Xeral de Familia e Benestar
Dirección Xeral da
Dependencia e Autonomía Persoal